

## **Puntuación do Cuestionario de Capacidades e Dificultades (SDQ-Gal): (auto completou)**

Os 25 ítemes do SDQ-Gal estrutúranse en 5 escalas de 5 ítemes cada unha. O primeiro paso para puntuar o cuestionario é, polo xeral, puntuar cada unha das 5 escalas. "Dalgún xeito verdadeiro" puntúase sempre como 1, pero a puntuación para "Non verdadeiro" e "Totalmente verdadeiro" varía segundo o íteme. A puntuación para cada categoría de resposta ven dada máis abaixo, escala a escala. Para cada unha das 5 escalas a puntuación pode ir de 0 a 10, sempre e cando os 5 ítemes sexan completados. Pódense prorratear as puntuacións cando faltan só un ou dous ítemes.

### **Escala de síntomas emocionais**

	Non verdadeiro	Dalgún xeito verdadeiro	Totalmente verdadeiro
A miúdo teño de dor ...	0	1	2
Preocúpame moito	0	1	2
A miúdo síntome triste ....	0	1	2
Síntome nervioso ou dubitativo ..	0	1	2
Teño moitos medos .....	0	1	2

### **Escala de problemas conductuais**

	Non verdadeiro	Dalgún xeito verdadeiro	Totalmente verdadeiro
Enfádome ....	0	1	2
Polo xeral son obediente .....	2	1	0
Pelexo moito .....	0	1	2
A miúdo me acusan de mentir ...	0	1	2
Collo cousas que non son miñas ..	0	1	2

### **Escala de hiperactividade**

	Non verdadeiro	Dalgún xeito verdadeiro	Totalmente verdadeiro
Sinto inquedanza ...	0	1	2
Estou todo o tempo rebulindo	0	1	2
Distráíome facilmente .....	0	1	2
Penso as cousas .....	2	1	0
Remato as tarefas ....	2	1	0

### **Escala de problemas de relación**

	Non verdadeiro	Dalgún xeito verdadeiro	Totalmente verdadeiro
Soio estar ó meu ...	0	1	2
Teño un bo/a amigo/a	2	1	0
Soio gustar ós outros ...	2	1	0
Outro xente .. métense connigo...	0	1	2
Lévome mellor cos maiores ....	0	1	2

### **Escala prosocial**

	Non verdadeiro	Dalgún xeito verdadeiro	Totalmente Verdadeiro
Procuo ser amable con demais	0	1	2
Comparto de seguida .....	0	1	2
Axudo se alguén está ferido ....	0	1	2
Son amable cos .. máis pequenos	0	1	2
Ofrézome voluntario ....	0	1	2

Para xerar unha **puntuación de desvío total**, sume as catro escalas que versan sobre problemas, pero non inclúa a escala prosocial. A puntuación así obtida pode ir de 0 a 40. (Supoñendo que polo menos 12 dos 20 ítemes foran completados, pode prorratea-lo total, en caso necesario.)

### **Intrepretación das puntuacións e definición da "casuística"**

Os resultados provisionais que aparecen máis abaixo tomáronse dun xeito que aproximadamente 80% dos nenos da comunidade son normais, o 10% están na fronteira e o 10% anormais. Nun estudio dunha mostra de alto risco na que os falsos positivos non foran unha preocupación relevante, poderíanse identificar "casos" apropiados por unha puntuación na fronteira ou unha puntuación alta na escala de desvío total. Nun estudio dunha mostra de baixo risco na que fora máis importante reducir a taxa de falsos positivos, poderíanse identificar "casos" apropiados por unha puntuación alta na escala de desvío total.

	Normal	<u>Fronteira</u>	<u>Anormal</u>
Puntuación de Desvío Total	0 - 15	16 - 19	20 - 40
Puntuación de Síntomas Emocionais	0 - 5	6	7 - 10
Puntuación de Problemas Conductuais	0 - 3	4	5 - 10
Puntuación de Hiperactividade	0 - 5	6	7 - 10
Puntuación de Problemas de Relación	0 - 3	4 - 5	6 - 10
Puntuación de Comportamiento Prosocial	6 - 10	5	0 - 4